

Aviso legal e política de privacidade

Aviso legal

O titular deste portal é a Deputación de Lugo, con NIF P-2700000-I, domicilio en Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo, e teléfono 982 26 00 00.

Propiedade intelectual e industrial

O deseño do portal e os seus códigos fonte, así como os logos, marcas e demais signos distintivos que aparecen no mesmo pertencen á Deputación de Lugo e están protexidos polos correspondentes dereitos de propiedade intelectual e industrial.

Responsabilidade dos contidos

A Deputación de Lugo non se fai responsable da legalidade doutros sitios web de terceiros desde os que poida accederse ao portal. A Deputación de Lugo tampouco responde pola legalidade doutros sitios web de terceiros, que puidesen estar vinculados ou enlazados desde este portal.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito para realizar cambios no sitio web sen previo aviso, ao obxecto de manter actualizada a súa información, engadindo, modificando, corrixindo ou eliminando os contidos publicados ou o deseño do portal.

A Deputación de Lugo non será responsable do uso que terceiros fagan da información publicada no portal, nin tampouco dos danos sufridos ou perdas económicas que, de forma directa ou indirecta, produzan ou poidan producir prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provocados polo uso da devandita información.

Reproducción de contidos

Prohíbese a reprodución total ou parcial dos contidos publicados no portal. Con todo, os contidos que sexan considerados como datos abertos na Sede electrónica, publicados segundo o previsto no Real Decreto 1495/2011, do 24 de outubro, de desenvolvemento da Lei 37/2007, sobre reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal, poderán ser obxecto de reprodución nos termos previstos pola lexislación e normativa aplicable.

Lei aplicable

A lei aplicable en caso de disputa ou conflito de interpretación dos termos que conforman este aviso legal, así como calquera cuestión relacionada cos servizos do presente portal, será a lei española.

Política de privacidade

A continuación, a Deputación de Lugo informa, de xeito xeral, acerca das salvaguardas da privacidade e da protección dos datos de carácter persoal aplicadas ás actividades de tratamento que efectúa a nivel do Portal, así como por outros medios.

1. Quen é o Responsable do tratamento dos seus datos persoais?

A Deputación de Lugo é quen ostenta a condición de Responsable de Tratamento, estando asesorado e supervisado polo Delegado/a de Protección de Datos: dpd@deputacionlugo.org

2. Para que tratamos os seus datos persoais e en base a que?

As finalidades e bases de licitude que se realizan na contorna web da Deputación de Lugo son as seguintes:

- Reservas e modificación de reservas: a base lexitimadora é o cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1.e) RXPDP) en base ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Resposta ás comunicacións ou consultas remitidas a través do formulario de contacto: a base lexitimadora é o cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1.e) RXPDP) en base ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia; e cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c) RXPDP) fundamentada na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. Por canto tempo conservamos os seus datos persoais?

En xeral, os datos persoais que se nos facilitan conservarémolos para manter un historial de atención e xestionar os nosos servizos de forma eficiente e a persoa interesada non solicite a súa supresión. Mesmo solicitada a supresión, manteranse bloqueados durante o tempo necesario, e limitando o seu tratamento, unicamente para algún destes supostos: cumprir coas obrigacións legais/contractuais de calquera tipo a que esteamos sometidos e/ou durante os prazos legais previstos para a prescrición de calquera responsabilidade pola nosa banda e/ou o exercicio ou a defensa de reclamacións derivadas da relación mantida coa persoa cidadá/interesada.

4. Quen poden ser cesionarios ou destinatarios dos seus datos persoais?

Os datos que nos proporciona poderán ser cedidos ou comunicados á Administración autonómica con competencia na materia; administración tributaria; e a entidades privadas prestadoras do servizo.

5. Seguridade dos datos persoais.

Os datos que tratamos trátanse conforme ás medidas de seguridade establecidas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

6. Cales son os seus dereitos en protección de datos e como pode exercelos?

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando proceda, ante a Deputación de Lugo, Rúa San Marcos, 8, 27001 Lugo ou na dirección de correo protecciondatos@deputacionlugo.org ou mediante a sede electrónica da entidade (<https://sede.deputacionlugo.org>), no caso de que dispoña de certificado electrónico.

Tamén poderá interpoñer a oportuna reclamación ante o delegado de protección de datos da Deputación de Lugo ou a autoridade de control competente (Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.aepd.es>)).

7. Información complementaria.

Pode obter información adicional sobre o tratamento dos seus datos persoais en <https://deputacionlugo.gal/es/lopd>